



Capítulo 1

Emma Woodhouse, guapa, intelixente e rica, posuidora dun fogar cómodo e dun carácter alegre, parecía reunir algúns dos mellores dons da existencia; e vivira neste mundo case vinte e un anos sen atopar moitas cousas que a aflixesen ou a fixesen sufrir.

Era a máis nova das dúas fillas dun pai moi afectuoso e indulxente, e, debido ó matrimonio da súa irmá, convertérase moi pronto na señora da súa casa. A súa nai morrera había tanto tempo que non tiña máis ca un vago recordo das súas caricias; e o seu lugar ocupárao unha muller excelente como institutriz, cuxo afecto fora pouco menos có dunha nai.

A señorita Taylor levaba dezaseis anos na familia do señor Woodhouse, menos como institutriz ca como amiga, moi afeccionada a ambas as fillas, pero en particular a Emma, xa que entre elas había máis ben unha intimidade propia de irmás. Antes mesmo de que a señorita Taylor deixase de desempeñar oficialmente o cargo de institutriz, a dozura do seu carácter apenas lle permitía impor restricións; e como a sombra da autoridade desaparecera había tempo, conviviran como amigas moi unidas, e Emma só facía o que lle gustaba; estimando moito o xuízo da señorita Taylor, pero dirixida principalmente polo seu propio.

Os verdadeiros males da situación de Emma eran a posibilidade de obrar case ó seu antollo e a inclinación a pensar demasiado ben de si mesma; estas eran as desvantaxes que ameazaban con estragar os seus moitos praceres. O perigo, no entanto, era de momento tan inadvertido que ela non os consideraba en absoluto unha desgraza.

Chegou a mágoa, unha mágoa leve, pero non baixo a forma dunha conciencia desagradable: a señorita Taylor casou¹. A perda da

¹ Aínda que casar podería ser un xeito de escapar á vida —habitualmente, con condicións extenuantes e moitas incertezas— das institutrices, non era a sorte máis común. Só nas novelas as institutrices casan cun bo partido da familia. Na vida real, eses casamentos eran excepcionais.

señorita Taylor foi o primeiro que lle causou dor. Foi o día da voda desta querida amiga cando Emma quedou sumida por primeira vez en desolados pensamentos que se prolongaron no tempo. Rematada a voda, e cando se foron os esposos, o seu pai e ela quedaron ceando xuntos, sen a perspectiva de que unha terceira persoa animase a longa velada. Tras a cea, o seu pai dispúxose a ir durmir, coma de costume, e ela só puido permanecer sentada e pensar no que perdera.

O acontecemento prometía toda clase de felicidades para a súa amiga. O señor Weston era un home de carácter irreprochable, fortuna suficiente, idade axeitada e maneiras agradables; e había certa satisfacción en considerar con que abnegada e xenerosa amizade desexara e estimulara Emma sempre esa unión; pero para ela era unha mañá negra. A falta da señorita Taylor sentiríase cada hora de cada día. Lembrou a súa pasada amabilidade: a xentileza, o afecto de dezaseis anos, como lle ensinara e como xogara con ela dende os cinco anos, como dedicara todas as súas forzas a pegarse a ela e divertila cando gozaba de boa saúde e como a coidara durante as diversas enfermidades da infancia. Había aí unha gran débeda de gratitude; pero a relación dos últimos sete anos, o plano de igualdade e a absoluta falta de reservas que seguiran ó matrimonio de Isabella, ó quedaren soas, era un recordo aínda máis querido e tenro. Fora unha amiga e unha compañeira como se teñen poucas: intelixente, ben informada, útil, amable, coñecedora de todos os costumes da familia, interesada en todos os seus asuntos, e particularmente interesada nela, en todos os seus praceres e proxectos; unha persoa á que podía transmitirle todos os seus pensamentos segundo xurdían, e que sentía tal afecto por ela que nunca atoparía unha tacha.

Como ía soportar o cambio? Era certo que a súa amiga ía estar a só media milla deles; pero Emma decatábase da gran diferenza que debía haber entre unha señora Weston a só media milla deles e unha señorita Taylor na casa; e malia todas as súas calidades, naturais e cultivadas, corría agora o gran perigo de sufrir soidade intelectual. Quería moito o seu pai, pero non era un compañeiro para ela. Non estaba á súa altura na conversa, nin racional nin lúdica.

O inconveniente da disparidade real das súas idades (o señor Woodhouse non casara novo) aumentaba moito polo carácter e os hábitos del; pois, como toda a vida fora un hipocondríaco, sen

actividade mental nin corporal, era un home moito máis vello nas maneiras ca nos anos; e aínda que en todas as partes o querían, pola amabilidade do seu corazón e o seu temperamento afable, os seus talentos non lle servirían de recomendación en ningunha circunstancia.

A súa irmá, a quen en comparación o seu matrimonio non afastara demasiado, xa que vivía en Londres, a só dezaseis millas de distancia, quedaba moito máis lonxe do seu alcance cotián; e cumpría que loitar durante moitas delongadas veladas de outubro e novembro en Hartfield, antes de que o Nadal trouxese a seguinte visita de Isabella co seu esposo e os seus cativos², para encher a casa e volverlle dar compañía agradable.

A grande e populosa aldea de Highbury, case unha vila, á que pertencía realmente Hartfield, a pesar de ter prados, xardín de ar-

2 A distancia non era demasiada (16 millas son pouco máis de 25 quilómetros) e o traxecto podía facerse nunhas tres horas ou menos, pero neste caso concreto estaba tamén toda a loxística de viaxar coa rapazada. Nin sequera compensaba demasiado unha escapada de fin de semana.



bustos³ e nome propio, non lle ofrecía a ninguén que estivese ó seu nivel. Os Woodhouse eran os primeiros en importancia alí. Todos os miraban con deferencia. Ela tiña moitos coñecidos no lugar, pois o seu pai era cortés con todo o mundo, pero non podía aceptar a ningún deles no canto da señorita Taylor, nin sequera durante medio día. Era un cambio melancólico; e Emma non podía senón suspirar por iso e desexar cousas imposibles, ata que o seu pai espertou e fixo necesario estar alegre. Necesitaba que o animasen, xa que era un home nervioso, que se deprimía con facilidade; que se encariñaba con todas as persoas ás que estaba afeito, e que detestaba separarse delas; que odiaba os cambios de calquera clase.

O matrimonio, como orixe de cambios, sempre era desagradable; aínda non se reconciliara o máis mínimo co feito de que a súa filla casara, nin podía falar dela máis que con compaixón, malia que fora un matrimonio por amor, e agora víase obrigado a separarse tamén da señorita Taylor; e polo seu hábito de amable egoísmo, e mais por non ser capaz de supoñer que outras persoas puidesen sentir de forma diferente da súa, estaba dispostísimo a crer que a señorita Taylor fixera algo triste tanto para si mesma coma para eles, cando sería moito máis feliz se pasase o resto da súa vida en Hartfield. Emma sorriu e charlou tan animadamente como puido, para afastalo de tales pensamentos; pero cando chegou o té⁴, a el foille imposible non dicir exactamente o mesmo que dixera na cea:

—Pobre señorita Taylor! Oxalá estivese aquí de novo. Que mágoa que o señor Weston puxese o pensamento nela!

—Non podo estar de acordo contigo, papá; sabes que non podo. O señor Weston é un home de tan bo humor, tan agradable e tan excelente que merece unha boa esposa. Seica quererías que a señorita Taylor vivise connosco para sempre, e aturase todos os meus momentos de mal humor, cando podería ter unha casa propia⁵?

3 No orixinal, *shrubbery*. É unha parte dun xardín onde se plantan distintas clases de arbustos, principalmente especies con flores.

4 Té despois da cea? Así era. Os horarios das comidas eran bastante distintos ós de hoxe. Dise que o té de media tarde en Reino Unido se popularizou na década de 1840 da man dunha duquesa que esmorecía da fame entre a lixeira comida de mediodía e a contundente cea de última hora da tarde e precisaba tomar un refrixerio no medio. O habitual en 1815 era que unha comida semellante se fixese contra a noiteña.

5 O patrimonio pasaba de pais a fillos e non a fillas, que cando morría o pai quedaban

—Unha casa propia? Pero, cal é a vantaxe dunha casa propia? Esta é tres veces máis grande. E ti nunca tes momentos de mal humor, querida.

—Iremos visitalos a miúdo, e eles virán visitarnos a nós! Verémonos con frecuencia! Temos que empezar e ir facerlles a visita nupcial canto antes.

—E como chego ata tan lonxe, querida? Randalls está a moita distancia. Non podería percorrer nin a metade dese camiño.

—Non, papá, ninguén di que vaías andando. Temos que ir na carruaxe, claro.

—Na carruaxe? Pero a James non lle gustará enganchar os cabalos para un traxecto tan curto. E onde van estar os pobres cabalos mentres facemos a nosa visita?

—Meteranos na corte do señor Weston, papá. Sabes que xa resolvemos todo iso. Falámolo onte pola noite co señor Weston. E no tocante a James, podes estar segurísimo de que sempre lle gustará ir a Randalls, porque a súa filla está alí de criada. Se de algo dubido é de que queira levarnos algunha vez a outro lugar. E foi mérito teu, papá, que lle conseguiches a Hannah ese sitio tan bo. Ninguén pensou en Hannah ata que a mencionaches ti. James estache agradecidísimo!

—Alégrome moito de ter pensado nela. Foi unha gran sorte, porque de ningún xeito quereda que o pobre James se sentise menosprezado; e estou seguro de que ela será moi boa criada: é unha rapariga educada e ben falada; teño moi boa opinión dela. Sempre que a vexo faime unha reverencia e preguntame que tal estou de maneira moi xentil; e cando a chamaches para que viñese facer bordado, reparei en que sempre bota o ferrollo da porta no sentido correcto e nunca a bate. Estou seguro de que será unha criada excelente; e será un gran consolo para a pobre señorita Taylor ter preto a alguén a quen estea afeita a ver. Podes estar segura de que cada vez que James vaia visitar a súa filla terá noticias nosas. Poderalle dicir como estamos todos.

Emma non aforrou esforzos para manter este rumbo máis alegre de ideas, e tiña a esperanza de, coa axuda do *backgammon*⁶, conseguir

moitas veces sen teito. Ben o saben as protagonistas das novelas de Jane Austen e a propia escritora. Unha muller sen casa dependía da bondade da súa familia —esta tiña recursos para axudala—: Austen, a súa nai e a súa irmá viviron nunha casa prestada por un dos seus irmáns, pero que nunca foi de ningunha delas.

6 Na época da Rexencia eran habituais os xogos de cartas ou de mesa para entreter a

que a velada lle resultase tolerable ó seu pai sen ser asaltada por máis pesares cós propios. Colocouse a mesa de *backgammon*; pero inmediatamente despois entrou un visitante que a fixo innecesaria.

O señor Knightley, un axuizado home de trinta e sete ou trinta e oito anos, non só era un vello e íntimo amigo da familia, senón que estaba especialmente relacionado con ela, por ser o irmán maior do marido de Isabella. Vivía a unha milla de Highbury, era un visitante frecuente e sempre benvido, e nesta ocasión máis ca de costume, xa que viña directamente de ver os seus familiares comúns en Londres. Tras algúns días de ausencia, regresara pouco despois da cea, e agora visitaba Hartfield para contar que en Brunswick Square⁷ estaba todo o mundo ben. Era unha ocasión feliz, e iso animou o señor Woodhouse durante algún tempo. O señor Knightley tiña un carácter alegre, que sempre lle facía ben; e as súas moitas preguntas sobre a “pobre Isabella” e os seus fillos recibiron respostas moi satisfactorias. Cando isto rematou, o señor Woodhouse observou, agradecido:

—É vostede moi amable, señor Knightley, ó virnos visitar a esta hora tan tardía. Seguro que foi unha camiñada tremenda.

—En absoluto, señor Woodhouse. É unha fermosa noite de luar, e tan cálida que me teño que afastar do lume tan vivo da súa cheminea.

—Pero debeu atopar todo moi húmido e enlamado. Espero que non se arrefriase.

—Enlamado? Mire os meus zapatos. Nin un lixo.

—Vaia! É bastante sorprendente, porque choveu ás cuncas. Mentres almorzabamos choveu con moitísima forza durante media hora. Ata lles dixen que adiasen a voda.

—Por certo, non lles dei os meus parabéns. Sendo moi consciente da alegría que deben sentir, non me apresurei a felicitalos, pero espero que todo fose razoablemente ben. Que tal se portaron todos vostedes? Quen chorou máis?

—Ah! Pobre señorita Taylor! É un asunto triste.

—Pobres señor e señorita Woodhouse, se lles parece, pero de ningún xeito podó dicir “pobre señorita Taylor”. Sinto unha grande

persoas de certa idade, como o señor Woodhouse, ou en determinadas citas sociais. Tamén coñecido en España como chaquete ou táboas reais, o *backgammon* xógase cun taboleiro que ten debuxados 24 triángulos, a través dos que hai que mover as fichas.

7 O domicilio en Londres de John Knightley e Isabella.

estima por vostede e por Emma, pero cando se trata da cuestión da dependencia ou da independencia...! En calquera caso, debe de ser mellor ter só unha persoa que complacer ca dúas.

—Sobre todo cando unha das dúas é unha criatura tan fantasiosa e problemática! —dixo Emma en ton xocoso—. Ben sei que iso é o que pensa... e o que sen dúbida diría se non estivese o meu pai diante.

—Creo que é moi certo, querida, en efecto —dixo o señor Woodhouse, cun suspiro—. Coido que, por desgraza, ás veces son moi fantasioso e problemático.

—Queridísimo papá! Non crerás que podía referirme a ti, nin suporás que o señor Knightley se refire a ti? Que idea tan horrible! Non, non! Referíame a min mesma. Xa sabes que ó señor Knightley lle encanta buscarme defectos... de broma... é todo de broma. Sempre nos dicimos o primeiro que nos pasa pola cabeza.

En realidade, o señor Knightley era unha das poucas persoas capaces de ver os defectos en Emma Woodhouse, e a única que llos dicía; e aínda que isto non era especialmente agradable para ela, sabía que o sería moito menos para o seu pai, e non quería que sospeitase que non era considerada perfecta por todo o mundo.

—Emma sabe que nunca a afago —dixo o señor Knightley—, pero non me refería a ningún dos dous. A señorita Taylor estaba afeitada a ter dúas persoas ás que complacer, e agora só terá unha. Seguramente saía gañando.

—Ben —dixo Emma, desexando mudar de tema—, vostede quere que lle falemos da voda, e de boa gana llo contarei, porque todos nos comportamos de maneira encantadora. Todo o mundo foi puntual, todo o mundo coas súas mellores galas: nin bágoas nin apenas rostros serios. Non, non; todos nos decatabamos de que íamos estar a só media milla de distancia, e estabamos seguros de atoparnos decote.

—A miña querida Emma sopórtao todo moi ben —dixo o seu pai—. Pero a verdade é que lamenta moito a perda da pobre señorita Taylor, señor Knightley, e estou seguro de que a botará de menos máis do que cre.

Emma volveu a cabeza, dividida entre bágoas e sorrisos.

—É imposible que Emma non bote de menos unha compañeira así —dixo o señor Knightley—. Se pensásemos outra cousa, non a

quereríamos tanto como a queremos; pero ela sabe que vantaxoso é ese matrimonio para a señorita Taylor; sabe que oportuno debe de ser, á idade da señorita Taylor, vivir no seu propio fogar, e o importante que é para ela ter asegurada unha posición cómoda, e por iso non pode permitirse sentir tanta dor coma pracer. Todos os amigos da señorita Taylor deben alegrarse de que estea tan felizmente casada.

—E esqueceu vostede un motivo de ledicia para min —dixo Emma—, e moi importante: que ese matrimonio o concertei eu mesma. Saiba que o concertei hai catro anos; e o feito de que se celebre e de que fose para ben, cando tanta xente dicía que o señor Weston non volvería casar, pode consolar-me de calquera cousa.

O señor Knightley negou coa cabeza. O pai de Emma contestoulle con agarimo:

—Ai, querida, preferiría que non concertases matrimonios nin predixeses cousas, porque o que dis sempre se acaba cumprindo. Prégoche que non concertes máis matrimonios.

—Prométoche que non concertarei ningún para min, papá; pero para outras persoas si que debo facelo. É a cousa máis divertida do mundo! E despois de tal éxito...! Todo o mundo dicía que o señor Weston non volvería casar. Non, ho! O señor Weston, que fora viúvo durante tanto tempo e que parecía tan perfectamente cómodo sen esposa, tan constantemente ocupado nos seus negocios na cidade⁸ ou entre os seus amigos aquí, sempre ben recibido onde queira que fose, sempre ledo... O señor Weston non necesitaba pasar só nin unha soa velada do ano se non quería. Non, ho! Con certeza, o señor Weston non volvería casar nunca. Algúns mesmo falaban dunha promesa feita á súa esposa no seu leito de morte, e outros de que o fillo e o tío deste non llo permitirían. Díxose toda clase de solemnes parvadas sobre o tema, pero eu non lle fixen caso a ningunha.

»Comecei a darlle voltas ó asunto xa dende o día —haberá uns catro anos— en que a señorita Taylor e eu nos atopamos con el en Broadway Lane, cando empezou a poallar e el saíu correndo moi galantemente a pedirlle prestados dous paraugas para nós a Mitchell, o granxeiro. Planeei o matrimonio dende ese mesmo momento; e despois de acadar tal éxito, querido papá, non esperarás que abandone.

8 Refírese a Londres.

—Non entendo a que se refire con “éxito” —dixo o señor Knightley—. Para acadar éxito cómpre esforzarse. Se vostede estivo esforzándose durante os últimos catro anos en lograr este matrimonio, empregou o seu tempo moi axeitada e delicadamente. Unha maneira moi digna de ocupar a mente dunha xove dama. Pero se, como imaxino, concertar o matrimonio, como vostede lle chama, significa unicamente planealo, dicirse a si mesma un día ocioso: “Coido que sería óptimo para a señorita Taylor que o señor Weston casase con ela”, e logo repetirse isto a si mesma de cando en vez, como pode falar de éxito? U-lo seu mérito?⁹ De que se sente orgullosa? Fixo unha suposición acertada; e iso é todo o que se pode dicir.

—E vostede nunca coñeceu o pracer e o triunfo que supoñen facer unha suposición acertada? Compadézoo. Críao máis intelixente, porque pode estar seguro de que facer unha suposición acertada nunca se debe só á boa sorte. Sempre entra en xogo o talento. E no tocante á miña pobre palabra “éxito”, pola que me reprende, non estou convencida de non merecela. Debuxou vostede dous bonitos cadros; pero coido que pode haber un terceiro, algo entre quen non fai nada e quen o fai todo. Se eu non estimulase as visitas do señor Weston aquí, e non dese ánimos en moitas ocasións, e non achandase moitos asuntiños, quizais a cousa non chegaría a nada. Coido que coñece Hartfield dabondo para comprendelo.

—A un home directo e de bo corazón como Weston e a unha muller racional e sen afectación como a señorita Taylor pódeseles deixar que arranxen os seus propios asuntos. É máis probable que, ó interferir, se fixese vostede máis mal a si mesma que ben a eles.

—Emma nunca pensa en si mesma se pode facerlles ben ós demais —retrucou o señor Woodhouse, comprendendo só en parte—. Pero, querida, prégoche que non concertes máis matrimonios, que son unha cousa parva e lle rompen a un o círculo familiar de forma moi grave.

—Só un máis, papá; só para o señor Elton. Pobre señor Elton! A ti cáíache ben o señor Elton, papá. Teño que buscarlle unha esposa. En Highbury non hai ninguén que o mereza. Leva aquí un ano enteiro, e arranxou tan ben a súa casa que sería unha mágoa telo solteiro durante máis tempo. Hoxe, cando unía as mans dos esposos,

9 O señor Knightley non levaría nada ben este século XXI, no que hai xente que cre que pode conseguir cousas “manifestándoas”, é dicir, pedíndollas ó Universo (que é un pouco o que fixo Emma con este matrimonio).

pareceume que tiña cara de desexar o mesmo para si. Teño moi boa opinión do señor Elton, e este é o único xeito que se me ocorre de lle prestar un servizo.

—O señor Elton é un mozo moi garrido, sen dúbida, e un mozo moi bo, e téñolle un grande aprecio. Pero se queres mostrarlle algunha atención, querida, convidao a cear connosco algún día. Será moito mellor. Atrévome a dicir que o señor Knightley terá a amabilidade de vir coñecelo.

—Con moito gusto, señor. Cando queira —dixo o señor Knightley, rindo—, e estou totalmente de acordo con vostede en que iso será moito mellor. Convídeo a cear, Emma, e sírvalle o mellor peixe e o mellor polo, pero déixelle elixir a el a súa propia esposa. Créame: un home de vinte e seis ou vinte e sete anos é capaz de coidar de si mesmo.